

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



TABOLEIRO

Asunto: Aprobación da *Actualización da Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no concello de Carballo*.

Expediente: 2024/U039/000026

Aos efectos de coñecemento xeral, publícase o punto 4 do acordo do Pleno da Corporación Municipal do 25 de novembro de 2024, mediante o cal se aproba a *Actualización da Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no concello de Carballo* como PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) DO CONCELLO DE CARBALLO:

“4.- Actualización da Estratexia de Mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no concello de Carballo. Aprobación (CIPUM de 19/11/2024)

O presidente dá conta do ditame favorable dá conta do ditame da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do 19/11/2024, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade do 13/11/2024 contida no expediente 2024/U039/000026, cuxa parte expositiva se transcribe:

EXPEDIENTE: 2024/U039/000026
SOLICITANTE: Concello de Carballo
REX. ENTRADA: 202499900004469 de data 06/08/2024 (versión 03)
ASUNTO: Aprobación da actualización da *Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no concello de Carballo*.
REDACTORES: IPLAN MOVILIDAD, S.L.

I. Antecedentes

- O Pleno da Corporación Municipal, na sesión que tivo lugar o 29 de xullo de 2019, acordou aprobar a Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no concello de Carballo como PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) DO CONCELLO DE CARBALLO (expediente 2018/X999/000002).
- Por resolución da Alcaldía número 3295 do 23/11/2023 adjudicouse a IPLAN MOVILIDAD, S.L. o contrato menor de servizos consistente no «*Estudo para a actualización da estratexia de mellora e xestión do espazo público da mobilidade no concello de Carballo*» (SER 40/2023).
- IPLAN MOVILIDAD, S.L. en base ao contrato SER 40/2023, presenta o documento en tres ocasións (versións 01, 02 e 03) como consecuencia das correccións sinaladas dende este Concello. A primeira delas (V01) foi presentada no mes de abril de 2024 e a última e definitiva (V03) o 6 de agosto de 2024, número de rexistro de entrada 202499900004469.
- O arquitecto municipal emite o seu informe o 13/11/2024 en relación ao documento presentado, propoñendo a súa aprobación.

II. Obxectivo e consideracións técnicas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



A actualización do documento que fora aprobado por acordo do Pleno municipal do 29/07/2019, *Estratexia de mellora de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no concello de Carballo*, ven motivada polos cambios producidos na mobilidade da vila de Carballo, debido á execución de novas infraestruturas e, pola execución de moitas previsións que se contemplan neste documento e que fan precisa esta actualización.

Segundo consta no documento, os obxectivos estratéxicos sobre os que se estruturan as medidas formuladas na actualización ou revisión da Estratexia son os seguintes:

- Mellorar a xestión da mobilidade.
- Mellorar a eficiencia e sostibilidade do modelo de mobilidade.
- Aumentar e potenciar unha mobilidade segura.
- Fomento da mobilidade sostible.

En base a estes obxectivos estratéxicos fórmulanse unha serie de obxectivos operativos, entre eles, destácanse os seguintes:

- Integración e coordinación das políticas de mobilidade e as urbanísticas.
- Acadar unha distribución equitativa do espazo público e mellorar a convivencia entre todos os modos de transporte recuperando o protagonismo da poboación fronte ao automóbil.
- Mellorar as condicións de accesibilidade.
- Fomentar a mobilidade activa a pé ou en bicicleta/VMP.
- Facilitar a intermodalidade do transporte público con outros modos de transporte.
- Incrementar a seguridade viaria e o respecto entre diferentes modos de transporte.
- Redución da accidentalidade en todos os modos de transporte co obxectivo de cero vítimas de accidentes.

O documento presentado incorpora un apartado de programación e avaliación da estratexia no que se inclúen os indicadores que permiten avaliar a evolución das propostas formuladas.

Os programas son os seguintes:

- Programa 1: Mellora dos modos non motorizados.
- Programa 2: Accesibilidade e espazo público.
- Programa 3: Control e Ordenación do tráfico e estrutura da rede viaria.
- Programa 4: Distribución urbana de mercadorías (DUM).
- Programa 5: Fomento do transporte público.
- Programa 6: Regulación do estacionamento.
- Programa 7: Seguridade viaria.
- Programa 8: Mellora da calidade ambiental e aforro enerxético.
- Programa 9: Promoción de boas prácticas na mobilidade.

O arquitecto municipal no seu informe do 13/11/2024, unha vez analizado o documento, cada un dos programas destacando as novidades e diferenzas con respecto á Estratexia vixente e o plan de seguimento destes, fai as seguintes conclusións:

- *Os traballos de Actualización da Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no concello de Carballo realizáronse de acordo cos obxectivos e contidos que se establecen no contrato menor suscrito coa empresa adxudicataria dos mesmos.*
- *Que estes traballos contaron co seguimento e supervisión por parte dos responsables técnicos e políticos do Concello.*
- *Que o contido da Estratexia actualizada se axusta en liñas xerais á realidade e estratexia municipal en materia de mobilidade sustentable.*

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- *Que a fase correspondente á programación e avaliación da estratexia correspondente ao plan de seguimento e control require para o seu desenvolvemento efectivo a previa aprobación e posta en execución das actuacións previstas.*

De seguido ábrese a quenda de intervencións.

Sometido o asunto a votación, o pleno municipal con trece (13) votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG e sete (7) abstencións, dos representantes do grupo municipal do PP (5) e PSOE (2), acorda:

Primeiro.- Aprobar a *Actualización da Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no concello de Carballo, como PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) DO CONCELLO DE CARBALLO*, contida no documento de PROPOSTAS (versión 03) presentado por IPLAN MOVILIDAD, S.L. o 6 de agosto de 2024, núm. de rexistro de entrada 202499900004469.

Segundo.- Poñer en marcha as medidas correspondentes aos diversos programas así como as de seguimento e control que se recollen no documento presentado.

Terceiro.- Publicar o acordo de aprobación no Boletín Oficial da Provincia para coñecemento xeral.”

Carballo, 3 de decembro de 2024 (asinado dixitamente)

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez